



G2201039 M1_Marco normativo aplicable
aos centros docentes

G.-NORMATIVA RELATIVA AO MENOR/ PROTECCIÓN DA ADOLESCENCIA

Manuel Guerra Fernández (Inspector de educación)



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

26 de novembro de 2022

CONTIDO

1. A condición xurídica da persoa menor de idade
2. Alteracións das regras xerais sobre a capacidade de obrar
3. A especial protección e os principios da actuación con persoas menores de idade: a igualdade e o respecto ao interese superior do menor
4. A responsabilidade penal das persoas menores
5. As persoas emigrantes e o seu dereito á educación
6. O maltrato a persoas menores e a resposta educativa
7. A violencia entre iguais: o acoso escolar

0.-NORMATIVA RELATIVA AO MENOR/ INFANCIA (1/2)

- ❑ LO_1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e la Lei de Axuizamento Civil (BOE do 17 de xaneiro de 1996)
- ❑ LO_5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- ❑ Lei_3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- ❑ LO_8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 23 de xullo). *Modificación da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil.*
- ❑ Lei_26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 29 de xullo). *Modificación da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil.*
- ❑ LO_8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (BOE do 05/06/2021).
- ❑ PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA+ Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da DX de Educación +Instrucións do 31/01/2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar.

0.-NORMATIVA RELATIVA AO MENOR/ INFANCIA (2/2)

- ❑ **Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.** OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO. XUNTA DE GALICIA, 2020
- ❑ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa +Decreto 8/2015, de desenvolvemento da Lei 4/2011, do 30 de xuño
- ❑ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C. A de Galicia + ORD_08/09/2021 desenvolvemento do DEC_229/2011.

1.-A CONDICIÓN XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (1/7)

- ❑ **A capacidade xurídica** é a aptitude ou capacidade de ser titular de dereitos e deberes, Esta capacidade xurídica téñena todas as persoas desde o seu nacemento, as persoas menores de idade son titulares de dereitos e deberes, por exemplo, teñen o dereito á educación.
- ❑ **A capacidade de obrar** é a capacidade para exercer os dereitos dos que unha persoa é titular, é a capacidade de actuación no ámbito xurídico. Tradicionalmente sostíñase que a capacidade de obrar se adquiría coa maioría de idade, pero actualmente non pode sosterse esta idea.
 - De xeito ordinario, a capacidade de obrar plena adquirese coa maioría de idade, é dicir, aos 18 anos.
 - É progresiva, as persoas menores de idade van asumindo responsabilidade e madurez e, polo tanto, as lles permiten realizar actos xurídicos válidos por si mesmos antes dos 18 anos.

1.-A CONDICIÓ N XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (2/7)

Varios actos xurídicos que a persoa menor de idade pode realizar por si mesmo:

A Lei 39/2015 reconece a capacidade de obrar das persoas menores ante a Administración pública para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.

- ❖ **As persoas menores poden actuar directamente ante as administracións públicas, incluída a Administración educativa**, para o exercicio e defensa dalgúns dos seus dereitos.
- ❖ A regulación dos dereitos que pode exercer a persoa menor de idade directamente **é complicada**, xa que en ocasións a lei establece unha idade concreta a partir da cal as persoas menores poden realizar actos,
 - ✓ por exemplo, son fitos de madurez e polo tanto de recoñecemento de **capacidade de obrar para determinadas cuestións os 12, os 14 e os 16 anos**.
- ❖ Noutras ocasións a lei alude á expresión “**cando teña suficiente xuízo**”, co que resulta complexo determinar nestes casos se unha persoa menor de idade ten ou non a capacidade de obrar.

1.-A CONDICIÓN XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (3/7)

Capacidade de obrar recoñecida no Código Civil:

-A partir dos 12 anos: para a realización de determinados actos pola persoa titora, o/a xuíz oirá á persoa tutelada se fose maior de 12 anos.

Se ben a autorización ou aprobación dos devanditos actos do titor ou titora lle corresponde ao xuíz, o feito de ter dereito a ser oído é un recoñecemento de capacidade á persoa menor

-A partir dos 14 anos: facer testamento a partir dos 14 anos. Poden autorizar o tratamento dos seus datos de carácter persoal.

-A partir dos 16 anos:

Pode traballar a partir dos 16 anos, se ben con certas limitacións (antes desta idade só se permite en espectáculos públicos e con autorización da autoridade laboral).

- Tamén pode administrar por si mesmo os bens que adquirira co seu traballo ou industria.
- Os proxenitores, que de xeito habitual son os que representan os seus fillos e fillas e actúan por eles no tráfico xurídico, non poden dispoñer de dereitos dos seus fillos e fillas nin dos seus bens inmobles, obxectos preciosos etc., salvo que contén co consentimento da persoa menor que sexa maior de 16 anos ou con autorización xudicial.
- Poden emanciparse.
- Cando sexan os seus proxenitores os que queren emancipalo, é necesario o seu consentimento.

1.-A CONDICIÓN XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (4/7)

Capacidade recoñecida cando “teña suficiente xuízo ou madurez”:

- Dereito a ser oído e escoitado, tanto no ámbito familiar coma en calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación en que estea afectado e que conduza a unha decisión que incida na súa esfera persoal, familiar ou social, téndose debidamente en conta as súas opinións, en función da súa idade e madurez.
- Ademais, debe garantirse que a persoa menor, cando teña suficiente madurez, poida exercer este dereito por si mesmo ou a través da persoa que designe para representalo

A capacidade de obrar das persoas menores de idade si que existe antes de que alcancen a maioría de idade, pero non é plena, senón que vai ampliándose de xeito progresivo.

A lei impón que as limitacións á capacidade de obrar das persoas menores de idade se interpretarán de forma restritiva e, en todo caso, sempre no interese superior do ou da menor.

1.-A CONDICIÓN XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (5/7)

- O Código civil establece que os fillos e fillas non emancipados estarán baixo a patria potestade dos seus proxenitores, que inclúe o deber e facultade de representalos e administrar os seus bens.
- Os proxenitores son os representantes legais dos seus fillos e fillas e actúan no seu nome no tráfico xurídico.
- Dúbdidas de xeito habitual sobre como se exerce a patria potestade no caso de proxenitores separados.
- Dúas situacións: por un lado, está a garda e custodia, que é a facultade do coidado diario e directo da persoa menor de idade, e por outro lado, a patria potestade, que inclúe, entre outras, as facultades xa sinaladas de representar os fillos e fillas e administrar os seus bens.
- Nas sentenzas de separación ou divorcio, distínguese sempre, de xeito que a garda e custodia pode atribuírse a un dos proxenitores ou declararse a custodia compartida e a patria potestade mantense igualmente compartida en ambos os proxenitores como regra xeral.
- O Código civil establece que a patria potestade a exercerán conxuntamente ambos os dous proxenitores ou un só co consentimento expreso ou tácito do outro.

1.-A CONDICIÓN XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (6/7)

- En caso de desacordo, calquera dos dous poderá acudir ao xuíz, quen, despois de oír a ambos e ao fillo ou filla se tivese suficiente madurez e, en todo caso, se fose maior de 12 anos, atribuirá a facultade de decidir un proxenitor ou a outro.
- Se os desacordos fosen reiterados ou concorrese calquera outra causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade, poderá atribuíla total ou parcialmente a un dos pais ou distribuír entre eles as súas funcións.
- Nos supostos dos parágrafos anteriores, respecto de terceiros de boa fe, presumirase que cada un dos proxenitores actúa no exercicio ordinario da patria potestade co consentimento do outro.
- En defecto ou por ausencia, incapacidade ou imposibilidade dun dos pais, a patria potestade será exercida exclusivamente polo outro.
- Se os proxenitores viven separados, a patria potestade exercerána aquel con quen o fillo ou filla conviva.

O xuíz, por solicitude fundada do outro proxenitor, poderá, en interese do fillo, atribuírle á persoa solicitante a patria potestade para que a exerza conxuntamente co outro proxenitor ou distribuír entre o pai e a nai as funcións inherentes ao seu exercicio.

1.-A CONDICIÓN XURÍDICA DA PERSOA MENOR DE IDADE

Capacidade xurídica e capacidade de obrar (7/7)

Regras xerais de adaptación para os centros educativos:

Para moitas das accións ordinarias e cotiás será necesario unicamente solicitar a sinatura dun dos proxenitores, en particular daquel ao que lle corresponda a custodia.

Cuestión distinta é que, unha vez aceptada a validez dunha autorización dun só dos proxenitores, o outro proxenitor lle manifieste expresamente ao centro a súa desconformidade, situación na que debe optarse polo criterio máis garantista en función do interese superior do menor é lembrar que,

ante conflitos en relación co exercicio da patria potestade, o órgano competente para decidir cal dos proxenitores debe decidir é a autoridade xudicial.

Outras accións de maior relevancia e que poden afectar máis á esfera da persoa menor de idade, **será necesaria a sinatura dos dous proxenitores se ambos manteñen a patria potestade,**

como ocorre, por exemplo, para a admisión en centros, suposto no que se exige que asinen os dous proxenitores.

2.-ALTERACIÓNS DAS REGRAS XERAIS SOBRE A CAPACIDADE DE OBRAR (1/2)

1.-A emancipación: A emancipación pode compararse de xeito coloquial cunha independización da patria potestade á que en principio está suxeita a persoa menor de idade.

A os 16 anos: por concesión dos proxenitores ou declaración xudicial por petición propia da persoa menor ou tácita (vivir de forma independente.

Sitúa á persoa menor de idade nunha posición intermedia entre a maioría e a minoría de idade.

Poderá realizar por si mesma a maioría dos actos, pero a lei excepcionala algúns dunha relevancia especial como vender un ben inmovible ou tomar diñeiro a préstamo.

2.-ALTERACIÓNS DAS REGRAS XERAIS SOBRE A CAPACIDADE DE OBRAR (2/2)

2.-A incapacitación: Supón unha excepción ao principio de que as persoas maiores de idade teñen plena capacidade de obrar, xa que mediante a declaración xudicial de incapacitación prívase unha persoa que en principio si que a tiña da capacidade de obrar.

- a) Debe ser declarada xudicialmente.
- b) É graduable, é dicir, unha persoa pode ser incapacitada para a realización de calquera actuación ou só para aspectos concretos como, por exemplo, para realizar actuacións patrimoniais.
- c) É revisable.

Debe designarse quen vai exercer as facultades que a persoa incapacitada xa non poderá realizar por si mesmo. En función da extensión da incapacitación pode nomearse un titor, un curador ou un defensor xudicial.

3.-A ESPECIAL PROTECCIÓN E OS PRINCIPIOS DA ACTUACIÓN CON PERSOAS MENORES DE IDADE (1/2)

A igualdade e o respecto ao interese superior do menor

Norma fundamental: **LO_1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor.**

Prohibición de discriminación ningunha por razón de nacemento, nacionalidade, raza, sexo, discapacidade ou enfermidade, relixión, lingua, cultura, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, familiar ou social. Impulsaranse políticas compensatorias dirixidas a corrixir as desigualdades sociais.

O contido esencial dos dereitos das persoas menores de idade non poderá quedar afectado por falta de recursos sociais básicos e garantirase ás persoas menores de idade con discapacidade e ás súas familias os servizos sociais especializados que a súa discapacidade precise.

Ademais, o principio básico que debe rexer a actuación da administración é o do **interese superior do menor.**

Toda persoa menor, ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle concirnan, tanto no ámbito público coma privado, sempre debe primar o interese superior destes sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer.

3.-A ESPECIAL PROTECCIÓN E OS PRINCIPIOS DA ACTUACIÓN CON PERSOAS MENORES DE IDADE (2/2)

A igualdade e o respecto ao interese superior do menor

A Lei establece unha serie de criterios en relación co interese superior do menor:

- a) A protección do dereito á vida, supervivencia e desenvolvemento da persoa menor e a satisfacción das súas necesidades básicas.
- b) A consideración dos desexos da persoa menor, así como o seu dereito para participar progresivamente, en función da súa idade e madurez, no proceso de determinación do seu interese superior.
- c) A conveniencia de que a súa vida e desenvolvemento teña lugar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia.
- d) A preservación da identidade, cultura, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual ou idioma do menor, así como a non discriminación.

Deberá primar o interese superior do menor sobre calquera outro (valorar en todo caso os dereitos fundamentais doutras persoas que puidesen verse afectadas)

Respectar as debidas garantías do proceso e, en particular os dereitos da persoa menor para ser informada, oída e escoitada, e a participar no proceso de acordo coa normativa vixente.

A medidas en interese superior do menor, deberán ser motivadas e deberán ser revisables se existen variacións nas circunstancias. (Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

4.-A RESPONSABILIDADE PENAL DAS PERSOAS MENORES

- ❖ Regúlase na **LO_5/2000, do 12 de xaneiro, que regula a responsabilidade das persoas entre 14 e 18 anos pola comisión de feitos tipificados como delitos no Código penal.**
- ❖ É outro dos exemplos máis relevantes do recoñecemento dunha certa capacidade antes dos 18 anos.
- ❖ A idade límite de 14 anos para poder aplicar as medidas derivadas desta responsabilidade non significa que non vaia actuarse no caso de persoas menores de 14 anos que realicen estes feitos, o que acontece é que as persoas menores de 14 anos son ininputables,
 - non lles van resultar aplicables estas medidas, senón que os feitos serán postos en coñecemento do departamento correspondente en materia de protección de menores para a adopción das oportunas medidas de protección.
- ❖ A partir dos 14 anos é cando a lei establece a existencia de responsabilidade pola comisión dos feitos tipificados no Código penal.
- ❖ A lei especifica as medidas que poden impoñerse a estas persoas maiores de 14 anos por parte dos xulgados de menores.

4.-A RESPONSABILIDADE PENAL DAS PERSOAS MENORES

Tres supostos:

- ❖ **Internamento en réxime pechado**, as actividades formativas e educativas da persoa menor se levarán a cabo no propio centro de internamento
- ❖ **Internamento semiaberto**, (algunha das medidas formativas e educativas que se determinen no programa individualizado de execución da medida poderán realizarse fóra do centro de internamento.
- ❖ **Internamento aberto**, todas as actividades do proxecto educativo realizaranse nos servizos normalizados do contorno.

5.-AS PERSOAS EMIGRANTES E O SEU DEREITO Á EDUCACIÓN (1/2)

Lei 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España Art. 9º).

- As persoas estranxeiras menores de 16 anos teñen o dereito e o deber da educación, que inclúe o acceso a unha ensinanza básica, gratuíta e obrigatoria.
- As persoas estranxeiras menores de 18 anos tamén teñen dereito á ensinanza postobrigatoria.
- Este dereito inclúe a obtención da titulación académica correspondente e o acceso ao sistema público de bolsas e axudas nas mesmas condicións ca os españois.
- A LOE coas modificacións da LOMLOE prevé ademais que lles corresponde ás administracións públicas favorecer a incorporación ao sistema educativo dos alumnos e alumnas que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorporen de forma tardía ao sistema educativo español (garantida en todo caso, na idade de escolarización obrigatoria).

5.-AS PERSOAS EMIGRANTES E O SEU DEREITO Á EDUCACIÓN (2/2)

- Desenvolvemento de programas específicos, co fin de facilitar a súa integración no curso correspondente, que serán en todo caso simultáneos á escolarización do alumnado nos grupos ordinarios, conforme o nivel e evolución da súa aprendizaxe.

Decreto 229/2011 de atención á diversidade na C.A de Galicia: adopción de medidas específicas para o alumnado estranxeiro que se incorpora ao sistema educativo, tanto de tipo curricular coma organizativo, en concreto ao alumnado que presente algunha das seguintes circunstancias:

- a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia. ORD_08/09/2021
- b) Desfase curricular significativo.
- c) Graves dificultades de adaptación.

+ **ORD_08/09/2021** (art.67 complementado polos artigos 68 e 69) con medidas específicas.

6.-O MALTRATO A PERSOAS MENORES E A RESPOSTA EDUCATIVA (1/2)

LO_1/1996; Lei_26/2015; LO_8/2015, de 22 de xullo; LO_8/2021, de 4 de xuño (especialmente o Capítulo IV)

Un dos principios reitores da actuación de todas as administracións públicas en relación cos menores é **a protección contra toda forma de violencia**,

*incluídos os malos tratos físicos ou psicolóxicos, os castigos físicos humillantes e denigrantes, o descoído ou trato negligente, a explotación, a realizada a través das novas tecnoloxías, os abusos sexuais, a corrupción, a **violencia de xénero ou no ámbito familiar**, sanitario, social ou educativo, incluíndo o **acoso escolar**, así como a trata e o tráfico de seres humanos, a mutilación xenital feminina e calquera outra forma de abuso.*

Esta protección impón tamén unha obriga xenérica de protección a toda a cidadanía:

***Toda persoa ou autoridade** e especialmente aquelas que pola súa profesión ou función detecten unha situación de malos tratos, de risco ou de posible desamparo dunha persoa menor, o comunicarán á autoridade ou os seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise.*

***Si nun centro se detecta calquera situación de malos tratos, de risco ou de posible desamparo dunha persoa menor**, debe poñerse en contacto do departamento competente para a protección dos menores.*

6.-O MALTRATO A PERSOAS MENORES E A RESPOSTA EDUCATIVA (2/2)

Posibles casos de **non escolarización ou absentismo escolar**:

- *Cando se teña coñecemento de que una persoa menor non está escolarizada ou non asiste ao centro escolar de forma habitual e sen xustificación, durante o período obrigatorio, deberá poñerse en coñecemento das autoridades públicas competentes, que adoptarán as medidas necesarias para a súa escolarización*
- Xestión previa do **Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar/ medidas preventivas**.
- O protocolo desenvolve o procedemento que debe seguirse nestas situacións, que inclúe a comunicación aos órganos competentes para garantir a adecuada protección da persoa menor.

Requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores LO de **de protección xurídica do menor**), como **garantía de protección das persoas menores**:

- *No ser condenado ou condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.*
- Quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

7.-A VIOLENCIA ENTRE IGUAIS: O ACOSO ESCOLAR (1/2)

Lei 4/2011+ DEC_8/2015+ Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso+ NOF de cada centro.

❑ **Acoso:**

“calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicológico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”.

❑ **O acoso escolar** configúrase como unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia nos centros educativos. Identificación en base aos seguintes requisitos:

- ✓ Intencionalidade: ten que existir a intención de lle causar un dano a unha vítima concreta.
- ✓ Reiteración: debe ser unha situación prolongada no tempo e reiterada.
- ✓ Desequilibrio de forzas: ten que existir a percepción dun desequilibrio de poder entre a presunta vítima e a presunta persoa acosadora, un abuso de poder.

7.-A VIOLENCIA ENTRE IGUAIS: O ACOSO ESCOLAR (2/2)

- ❑ Noutras situacións, podemos valorar que se trata dalgún tipo de agresión física ou verbal é reprochable, pero non todas elas se poden cualificar como acoso escolar.
- ❑ Ante a dúbida e con indicios razoables de posible acoso e ciberacoso que afecte ao ámbito escolar, abrir / aplicar o protocolo de “educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso”, na versión vixente en cada momento, aloxado en <educonvives.gal>



manuel.guerra@edu.xunta.gal